

UGT GALICIA: «O ABSENTISMO NON É UN CANCRO, O QUE ENFERMA ÁS PERSOAS TRABALLADORAS É A FALTA DE PREVENCIÓN E O DETERIORO DA SANIDADE PÚBLICA»

Sétima reunión da Mesa de Diálogo Social en Galicia sobre a xestión das baixas laborais

Redacción.- UGT Galicia participou este xoves na sétima reunión da Mesa de Diálogo Social sobre a xestión das baixas laborais, coa participación de Patricia Ruiz, en representación confederal de UGT.

No actual contexto de debate público sobre o absentismo laboral, UGT Galicia considera necesario introducir rigor e responsabilidade. O absentismo non é un cancro, o que enferma ás persoas traballadoras é a falta de prevención, a sobrecarga de traballo, os riscos psicosociais, as listas de espera e o progresivo deterioro da sanidade pública.

Tras sete reunións de diálogo social, o diagnóstico é claro. As baixas laborais non se reducen cuestionando ás persoas que enferman nin xerando sospeitas sobre quen se atopa en incapacidade temporal. Redúcense actuando sobre as causas: mellorando as condicións de traballo, reforzando a prevención de riscos laborais, investindo en saúde laboral e dotando de

máis recursos ao sistema público sanitario.

As recentes declaracións do presidente do Partido Popular, Alberto Núñez Feijóo, non deberían desviar o foco do verdadeiro debate. O problema non son as persoas traballadoras que enferman, o problema é por que enferman e que estamos facendo como sociedade para evitalo.

UGT Galicia leva meses defendendo exactamente esta posición na Mesa de Diálogo Social. Un espazo no que é o único sindicato que continúa participando, convencido de que os dereitos das persoas traballadoras deféndense negociando, facendo propostas e influíndo nas decisións, non desde a confrontación permanente nin desde a ausencia.



O diálogo social non consiste en aceptar calquera medida. Consiste en evitar retrocesos, construír consensos e impulsar solucións eficaces. Por iso, UGT Galicia seguirá defendendo unha estratexia baseada na prevención, no reforzo da sanidade pública, na redución da sinistralidade laboral e na mellora das condicións de traballo, porque esa é a única forma seria de reducir as baixas laborais sen recortar dereitos.

UGT DEMANDA QUE O FINANCIAMENTO EXTRAORDINARIO EN DEPENDENCIA SE CONVERTA NUN COMPROMISO ESTABLE E SE TRADUZA EN EMPREGO DIGNO E MELLORES SERVIZOS

O sindicato valora positivamente os máis de 2.200 millóns de euros inxectados polo Real Decreto-lei 17/2026, pero advirte de que o éxito do investimento medirase na redución de listas de espera e a dignificación laboral do sector.

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) considera positiva a reunión mantida este luns, 6 de xullo, co ministro de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, Pablo Bustinduy, no marco da continuación da Mesa de Diálogo Social en materia de Dependencia. O encontro produciuse tras a aprobación do Real Decreto-lei 17/2026, que inxecta un financiamento extraordinario sen precedentes no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). O sindicato propón un "Pacto de Estado polos coidados", así como medidas urxentes contra a parcia-

lidade abusiva, que alcanza o 47% no sector.

Para UGT, a mobilización de 2.097.652.020 euros para o nivel mínimo garantido e 121.000.000 euros para o nivel acordado, supón unha decisión de enorme calado que responde a unha reivindicación histórica da organización sindical para reforzar o Estado do Benestar. Con todo, o sindicato advirte que este esforzo financeiro debe ser só o comezo dunha nova etapa: é urxente consolidar este financiamento para que deixe de depender de medidas excepcionais e co-

nértase nun compromiso orzamentario estable e previsible.

UGT insistiu ante o Ministerio en que o éxito deste investimento histórico non se medirá unicamente pola contía dos recursos, senón polo seu impacto real nos cidadáns e nas traballadoras. "Non haberá un sistema sólido de coidados se quen traballa nel continúa soportando condicións laborais insuficientes", manifestaron desde a organización.

Neste sentido, o sindicato propón que o financiamento que se outorgue ás Co-

munidades Autónomas prodúzanse baixo criterios estritamente finalistas e puxo sobre a mesa unha batería de modificacións normativas para o acceso aos fondos, tales como o freo á parcialidade abusiva. UGT considera importante ponderar a parcialidade ao 50% no Nivel Acordado para atallar o principal problema do sector (especialmente en axuda a domicilio e servizos sen aloxamento), onde a taxa de parcialidade alcanzou un alarmante 47% no primeiro trimestre de 2026.

Esixen o cumprimento efectivo dos cocientes de persoal a través do Fondo de Acreditación, a elevación dos cadros

de persoal e o freo á desprofesionalización do sistema (atendendo a que as prestacións de coidado familiar non profesional protexen hoxe ao 44,7% do sistema).

Outro dos puntos clave para o sindicato é a indexación e revisión de prezos. UGT reclama abordar os problemas que carrega a actual Lei de Desindexación, a cal afecta de forma exacerbada á sustentabilidade e calidade dos coidados profesionais.

Ante o actual escenario lexislativo —coa reforma da Lei de Dependencia prevista para a súa aproba-

ción en Comisión este xoves 9 de xullo e o seu posterior paso ao Pleno o día 14—, UGT considera que se dan as condicións idóneas para construír un auténtico Pacto polos Coidados.

Para Lola Navarro, vicesecretaría xeral de UGT, O sindicato manterá unha disposición absoluta ao diálogo a través dunha axenda de traballo permanente, baixo a firme convicción de que investir en dependencia non é un gasto; é un investimento social e económico que xera emprego, favorece a igualdade de xénero e fortalece a cohesión territorial".

UGT LOGRA FREAR A TRAMITACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DE ARTE TRAS SOLICITAR O SEU NON REXISTRO E IMPUGNAR O SEU CONTIDO

Redacción.- O Ministerio de Trabajo suspende a tramitación do convenio e require a corrección de numerosos artigos por non axustarse á lexislación vixente. O Convenio colectivo de ARTE non só recorta dereitos respecto aos convenios territoriais, senón que é peor que a propia lexislación laboral.

A Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT (FeSMC-UGT), a través do seu Sector de Comercio e Grandes Almacéns, valora moi positivamente a resolución ditada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social pola que se suspende a tramitación do Convenio Colectivo Estatal de Grandes Empresas do Retail (ARTE) e requírese á comisión negociadora a corrección de numerosos aspectos do texto presentado para o seu rexistro.

Esta resolución supón un respaldo ás advertencias que UGT veu realizando desde o mesmo momento en que CCOO, FETICO e a patronal ARTE decidiron asinar un convenio que, lonxe de mellorar as condicións laborais do sector, incorpora numerosos preceptos que agora o propio Ministerio considera incompatibles coa lexislación vixente e que deben ser corrixis antes de que o procedemento poida continuar.

UGT actuou desde o primeiro momento

Mentres outras organizacións defendían publicamente que o convenio era un avance para as persoas traballadoras e mesmo chegaron a cuestionar a existencia da impugnación promovida por UGT, a nosa organización presentou un escrito ante a Dirección Xeral de Trabajo solicitando que o convenio non fose rexistrado e promovendo a súa impugnación xudicial.

A resolución do Ministerio incorpora expresamente ese escrito, xunto cos presentados por outras organizacións sindicais, dentro do expediente administrativo.

O Ministerio cuestiona numerosos artigos

Entre as deficiencias detectadas pola Dirección Xeral de Trabajo figuran cuestións de enorme transcendencia para as persoas traballadoras do sector, entre elas:

- A regulación da prioridade aplicativa respecto dos convenios colectivos existentes.
- A contratación temporal.
- Os contratos de substitución.
- As excedencias.
- As reducións de xornada.
- A acción sindical.
- A xubilación forzosa.
- E outros preceptos que deberán ser modificados antes de que o procedemento poida continuar.

O tempo dá a razón a UGT

Durante toda a negociación advertimos de que o convenio de ARTE supoñía un grave retroceso para miles de persoas traballadoras e que, ademais, presentaba im-



portantes dúbidas de legalidade.

Lonxe de atender estas advertencias, as organizacións asinantes optaron por desacreditar as nosas denuncias e trasladar aos traballadores e traballadoras unha mensaxe de falsa tranquilidade.

Hoxe é o propio Ministerio de Trabajo quen obriga a revisar o texto asinado por CCOO, FETICO e o patronal ARTE antes de que poida continuar a súa tramitación.

UGT seguirá defendendo os dereitos do sector

Desde FeSMC-UGT reiteramos que seguiremos utilizando todas as vías legais e xudiciais necesarias para impedir que entre en vigor un convenio que, alén de prexudicar a miles de persoas traballadoras do comercio, debilita a negociación colectiva territorial e consolida un modelo que incrementa a flexibilidade empresarial en detrimento de os dereitos laborais.

O noso compromiso segue sendo o mesmo que mantivemos durante toda a negociación: defender os dereitos das persoas traballadoras, protexer a negociación colectiva e garantir que ningún convenio poida consolidar retrocesos sociais nin laborais.

A SECCIÓN SOCIAL DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DA CORUÑA OBRIGA AO CONCELLO DE CORCUBIÓN A ADAPTAR A XORNADA LABORAL DUNHA TRABALLADORA

Estima o Tribunal que se produciu a vulneración do dereito fundamental á non discriminación por razón de sexo, concorrendo inacción e falta de negociación

Redacción.- A xurisprudencia constitucional, STS 153/2021 do 23 de setembro de 2021 (Recurso de amparo 1797/2020) blindou o dereito de adaptacións da xornada por conciliación da vida familiar e laboral, elevándoo por encima da estrita legalidade ordinaria. No entanto, o Concello de Corcubión negou devandito dereito de adaptación de xornada por conciliación e obrigou á afectada a acudir aos tribunais.

O Concello de Corcubión vese obrigado polo fallo do Tribunal a adaptar á quenda de mañá a xornada laboral dunha traballadora, condenando a súa inmediata implementación, os fundamentos de dereito establecen que a falta de resposta motivada e a omisión do deber de negociar determinaron a estimación da pretensión de adaptación de xornada, ao non acreditar o Concello ningunha razón obxectiva, organizativa ou produtiva que xustifique o sacrificio do dereito fundamental da actora.

A conduta do Concello ao ignorar a solicitude da traballadora, que acredita necesidades de coitado dun menor, constitúe un trato pexorativo e, seguindo a doutrina da Sentenza 153/2021 do Tribunal Constitucional, a discriminación por razón de sexo prodúcese cando o exercicio de dereitos de conciliación xera un prexuízo efectivo. A omisión do deber de negociar e a imposición dun horario fragmentado incompatible co horario escolar da menor lesionan o artigo 14 da Constitución, polo que o tribunal determina que hai vulneración de dereitos fundamentais e discriminación.

Resulta difícil conciliar co principio



de legalidade que unha Administración, chamada a ser a primeira garante dos dereitos fundamentais e da igualdade efectiva, adopte unha interpretación restritiva da conciliación e force a unha traballadora a xudicializar a súa vida familiar. Cando isto sucede, a Administración deixa de actuar como promotora de dereitos para converterse nun obstáculo para o seu exercicio, e isto queda acreditado no Concello de Corcubión.

UGT DENUNCIA EN MOS O DESPEDIMENTO NA EMPRESA GANAIN DUN DELEGADO DE UGT E ESIXE A SÚA READMISIÓN



Redacción.- UGT FICA Vigo convocou este mércores unha concentración en Mos para denunciar o despedimento dun delegado do Sindicato na empresa Ganain que, ademais, é o secretario do Comité de Empresa e unha das persoas que representou a UGT na

negociación do Convenio do metal de Pontevedra.

UGT FICA Vigo demanda a inmediata readmisión do traballador despedido e denuncia unha situación de vulneración da liberdade sindical

ASEMBLEAS COMERCIO ALIMENTACIÓN A CORUÑA.

A CORUÑA 16/07/26
LUGAR, SALÓN DE ACTOS, PLANTA BAIXA EDIFICIO SINDICATOS
TURNOS DE MAÑÁN 11:00 TURNO DE TARDE 18:00

FERROL 16/07/26
LUGAR, CCOO FERROL, SALÓN DE ACTOS
TURNOS DE MAÑÁN 11:00 TURNO DE TARDE 18:00

¡PARTICIPA! ¡DECIDE! XPL

UGT **CCOO** **SERVICIOS**

UGT chama á participación nas asembleas do comercio de alimentación da Coruña onde se tomarán as decisións ante o bloqueo do convenio

UGT ASINA O ACORDO PARA MELLORAR AS RATIOS TAMÉN NA ESO E BACHARELATO

Redacción.- UGT, xunto con CCOO, ANPE e CSIF, veñen de asinar coa Xunta o acordo para ampliar ás etapas de ESO e Bacharelato as melloras nas ratios. Complétase así o conxunto do sistema, pois xa se tiña acadado previamente un pacto para Infantil e Primaria que comezou a desenvolverse en 2024.

Este novo acordo forma parte da liña de diálogo aberta en 2023 e que ten propiciado numerosos froitos desde entón en beneficio do ensino galego.

En concreto, na ESO o máximo será de 25 estudantes a partir de setembro de 2028, fronte aos 30 vixentes actualmente no conxunto de España. Ano a ano, irá cubrindo progresivamente o resto de cursos. No caso do Bacharelato, o máximo será de 30 fronte aos 35 estatais. Neste senso, cómpre lembrar que en Galicia esta cifra xa se sitúa actualmente nos 33.

Así, UGT SSPP valora a sinatura do acordo que permite avanzar tamén



na redución progresiva das ratios na ESO e no Bacharelato.

Dende o Sindicato incídese en que este paso dá continuidade aos compromisos anunciados en abril e forma parte do desenvolvemento do Acordo sobre Medidas de Mellora do ensino

público galego.

Insístese en que e continúa traballando desde a negociación para que os avances comprometidos se traduzan en melloras reais nos centros, nas condicións do profesorado e na atención ao alumnado.

UGT REXEITA O ANUNCIO DE FEIJÓO DE ESTENDER A TODA ESPAÑA A LEI DO “CONCIBIDO NON NADO” DE AYUSO

Redacción.- O líder do PP, Alberto Núñez Feijóo, anunciou este luns que, se chega a gobernar España, aprobará unha lei nacional do “concibido non nado” inspirada na norma que o Goberno de Isabel Díaz Ayuso sacou adiante a semana pasada na Asemblea de Madrid cos votos de PP e Vox, e que recoñece ao embrión como membro da unidade familiar desde o momento da concepción, a efectos de axudas e beneficios fiscais.

Mentres miles de familias traballadoras, monoparentais, monomarentaise con rendas baixas seguen esperando máis apoio, o PP prioriza ampliar o acceso ao título de familia numerosa antes mesmo do nacemento, outorgando unha serie de beneficios desde a semana 14 de xestación. Esta medida podería desviar axudas e beneficios en lugar de reforzar as políticas de apoio ás familias que máis o necesitan e garantir unha protección social suficiente para todas.

É dicir, non estamos ante unha medida orientada a reforzar as políticas públicas de apoio ás familias, senón ante unha iniciativa cun claro compoñente ideolóxico. Baixo a aparencia de ampliar dereitos ou prestacións, preténdese introducir un concepto xurídico historicamente vinculado ás posicións antiabortistas, co conseguinte risco de cuestionar os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres.

Ante este anuncio, UGT e CCOO manifestamos o noso rexeitamento frontal a unha iniciativa que consideramos un paso máis da axenda antiabortista que a dereita e a ultradereita veñen despregando alí onde gobernan, e que Feijóo pretende



trasladar ao conxunto do Estado se chega ao Goberno. Equiparar ao embrión cun membro da unidade familiar desde a concepción non é unha medida neutra de apoio á maternidade: abre a porta a marcos xurídicos que cuestionan a autonomía das mulleres sobre o seu propio corpo e que replican estratexias xa utilizadas noutros países para erosionar, pola vía administrativa e fiscal, un dereito conquistado tras décadas de loita feminista.